

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: Lista definitiva de persoas admitidas e excluídas para o proceso selectivo para a creación dunha lista de aspirantes a persoal laboral de prazas de encargado/a de redacción e redactor/a emisora mediante o sistema de concurso libre.

EXPEDIENTE: 2022/E001/000001.

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 507/2022 do 08.04.2022, publicada no BOP núm. 72 de data 18.04.2022, convocouse o proceso selectivo para a creación dunha lista de aspirantes para futuras coberturas a persoal laboral de prazas de encargado/a de redacción e redactor/a de emisora mediante o sistema de concurso libre, para a emisora municipal Radio Fene, equivalente a un grupo: A, subgrupo; A2 e complemento de carreira 24, conforme establece a RPT do Concello de Fene.

Mediante Resolución de alcaldía núm. 622/2022, de data 05.05.2022, aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, outorgando un prazo de dous días hábiles para emendas. A dita Resolución foi publicada, no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Fene o 06.05.2022.

Durante o dito prazo presentaron emendas, alegacións e/ou aportaron nova documentación, a través do rexistro, as persoas que se relacionan a continuación: RXE 1127 e 1151, Óscar Martínez Montero; RXE 1128, Ana Rial Maneiro; RXE 1134, Juan Modesto Del Río Sieira; RXE SIR 0712, Elvira Álvarez Gayo; RXE SIR 0713, Alba Muíños Garel; RXE 1153, María Lorena Bustabad Hermida; RXE 1156, Marta Fernández Corral; RXE 1158, Francisco Cortez-Lobao Sineiro; RXE 1765, Araceli Pita Parada; RXE 1768, Nicolás Fernando Vidal López; RXE 1801, Rebeca Romero Rodríguez.

En data 20.05.2022 recíbense do Rexistro da Oficina Comarcal de Información ao Cidadán de Ordes os RXE 777 e 778, relativos á solicitude e anexos de Pedro Pablo Quinteiro Vaamonde, presentados en datas 21.04.2022 e 25.04.2022 ante a dita Administración e que esta non remitiu ao Concello de Fene en tempo e forma para poder incluílo na lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Conforme ao art. 31.2.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP) *"O inicio do cómputo dos prazos a cumprir polas Administracións Públicas virá determinado pola data e hora de presentación no rexistro electrónico de cada Administración ou Organismo"*. De acordo co art. 109.2 da LPACAP as Administracións públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio, os erros materiais.

Tendo en conta o disposto na base quinta das bases reguladoras do proceso de selección e de conformidade coa normativa vixente, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Ter por presentadas en datas 21.04.2022 e 25.04.2022, a pesar de recibirse o 20.05.2022 cos RXE 777 e 778, a solicitude e documentación achegada por Pedro Pablo Quinteiro Vaamonde, declarándoo admitido.

**SEGUNDO.-** Aceptar as emendas presentadas por: Elvira Álvarez Gayo; Francisco Cortez-Lobao Sineiro, declarándoo admitido; Marta Fernández Corral, declarándoa admitida; Óscar Martínez Montero; Alba Muíños Garel; Araceli Pita Parada, sen prexuízo de manter parte das observacións previas ao non acompañar documentación ao respecto; Ana Rial Maneiro, sen prexuízo de manter parte das observacións previas ao non acompañar documentación ao respecto; e Rebeca Romero Rodríguez, sen prexuízo de manter parte das observacións previas ao non acompañar documentación ao respecto.

**TERCEIRO.-** Rexeitar as emendas de: María Lorena Bustabad Hermida, porque non achega a/as alta/s na seguridade social como autónoma, senón informe de bases e cotas de cotización que xa constaban coa instancia inicial, polo que se reitera a observación da lista provisional como admitida; Juan Modesto Del Río Sieira, dado que non achega os contratos senón fallo xudicial, polo que se reitera a observación da lista provisional como admitido; e Nicolás Fernando Vidal López, que acredita a experiencia mínima dun ano pero non a posesión do título esixido (Grao ou Licenciatura en Xornalismo), polo que se reitera a súa exclusión.

**CUARTO.-** Aprobar a lista provisional de persoas admitidas que se relaciona de seguido:

NUM.	APELIDOS E NOME	DNI NÚM.	OBSERVACIÓNS
1.	Álvarez Gayo, Elvira	***4651**	
2.	Amigo Suárez, Cristina	***3607**	Non achega copia de todos os contratos na

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

G-0  
090  
150  
-P-  
F:  
C.I.

			empresa privada
3.	Bustabad Hermida, María Lorena	***9154**	Non achega a copia das altas de autónoma na Seguridade Social segundo esixen as bases, senón un informe anual de bases e cotas de cotización Achega un curso non alegados coa instancia inicial que non poden terse por aportados
4.	Cortez-Lobao Sineiro, Francisco	***4962**	
5.	Del Rio Sieira, Juan Modesto	***6845**	Non achega copia de todos os contratos na empresa privada
6.	Fariña Gato, Almudena	***7271**	
7.	Fernández Corral, Marta	***9101**	Non achega Celga 4, debe superar a proba de galego para poder formar parte da bolsa
8.	García Fernández, Daniel	***1413**	
9.	González Terrasa, María	***0452**	Non achega copia de todos os contratos na empresa privada
10.	Martínez Montero, Óscar	***5790**	
11.	Muñíos Garel, Alba	***0713**	
12.	Ocampo Pena, Eva	***3620**	
13.	Pita Parada, Araceli	***1266**	Non achega copia de todos os contratos na empresa privada. Non achega certificado de servizos prestados para empresas privadas como autónoma
14.	Quinteiro Vaamonde, Pedro Pablo	***1695**	Non achega copia dos contratos na empresa privadas Non achega resolución de nomeamento ou toma de posesión no Concello de Ordes
15.	Rial Maneiro, Ana	***9593**	Non achega copia do contrato nin certificado do tempo traballado para El Correo Gallego
16.	Romero Rodríguez, Rebeca	***6810**	Non achega copia de todos os contratos na empresa privada Non achega certificado de servizos prestados para empresas privadas (ou outros actores xurídicos, como partidos políticos) como autónoma
17.	Rubicco Huertas, José Antonio	***5493**	Non achega informe de vida laboral Non achega copia de todos os contratos na empresa privada Non achega CELGA 4 polo que de non aportalo, deberá superar o exercicio de lingua galega

**QUINTO.-** Aprobar a lista provisional de persoas excluídas que se relaciona de seguido:

NUM.	APELIDOS E NOME	DNI NÚM.	CAUSA/S DE EXCLUSIÓN	OBSERVACIÓNS
1.	Abarrategui Amado, Lucía Soledad	***4186**	1 e 3	Non achega copia de todos os contratos na empresa privada Non achega certificado de servizos prestados para empresas privadas como autónoma
2.	Barros Carnero, Marta	***5147**	1, 2 e 3	A experiencia alegada non se refire a postos de xornalista
3.	Carreira Salgueiros, Clara	***0716**	1	Non achega copia de todos os contratos na empresa privada
4.	Cupeiro Díaz, María Fátima	***6265**	1 e 4	Non achega copia de contratos na empresa privada ou documentación acreditativa de nomeamentos en administracións públicas Non achega informe de vida laboral
5.	García García, Irene	***7025**	1 e 3	A experiencia alegada non se refire a postos de xornalista

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

6.	García Vilariño, Hugo	***2287**	1	Non achega copia dos contratos na empresa privada
7.	López Viñas, María	***7354**	1	Non achega copia dos contratos na empresa privada
8.	Martínez Sande, Hugo	***1334**	1 e 3	A experiencia alegada non se refire a postos de xornalista
9.	Novo Gómez, Alejandra	***8580**	3	A experiencia alegada non se refire a postos de xornalista
10.	Pascual Espinilla, Sergio	***1898**	1	Non achega copia de todos os contratos na empresa privada Non achega certificado de servizos prestados para empresas privadas como autónomo Non achega alta na Seguridade Social como autónomo Non achega CELGA 4, polo que de non aportalo e ser admitido, deberá superar o exercicio de lingua galega
11.	Rego Rey, Sandra	***1108**	1	Non achega copia de todos os contratos na empresa privada Non achega CELGA 4, polo que de non aportalo e ser admitida, deberá superar o exercicio de lingua galega
12.	Rivera Falcón, Susana	***0239**	3	Non achega copia de todos os contratos na empresa privada
13.	Rois Parga, Susana	***4327**	1	Non achega copia dos contratos na empresa privada
14.	Vázquez Corral, Alejandro	***8097**	1	Non achega copia dos contratos na empresa privada
15.	Vidal López, Nicolas Fernando	***5281**	3	

C-0  
096  
150  
P-  
F-  
C-

**CAUSA/S DE EXCLUSIÓN:**

- 1.- Non acredita a experiencia mínima dun ano como xornalista.
- 2.- Non achega DNI.
- 3.- Non achega título esixido (Grao ou Licenciatura en Xornalismo ou equivalente) para concorrer ao proceso selectivo.
- 4.- Non achega solicitude segundo o Anexo I ou a achegada non está asinada.

**SEXTO.-** Designar como membros do tribunal, titulares e suplentes, que xulgarán o proceso selectivo referenciado aos seguintes funcionarios/as de carreira, comunicando que o réxime de recusación fronte á súa designación é o previsto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público:

**PRESIDENTE/A:**

TITULAR: Henrique M. Sanfiz Raposo, encargado de redación do Concello de Fene.

SUPLENTE: M<sup>a</sup> Teresa Diz Alonso, interventora do Concello de Fene.

**VOGAIS:**

TITULAR: Lara Otero Díaz, técnica de administración xeral do Concello de Fene.

SUPLENTE: Manuel Larrosa Rodríguez, secretario do Concello de Ares.

TITULAR: Manuela Real Rego, traballadora social do Concello de Fene.

SUPLENTE: Beatriz Rodríguez Grandal, traballadora social do Concello de Fene.

TITULAR: Fernando Aradas García, técnico de administración xeral do Concello de A Coruña.

SUPLENTE: María Ángeles Vivero Fresco, tesoureira do Concello de Fene.

**SECRETARIO/A:**

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*



TITULAR: Estefanía Manteiga Lamas, secretaria do Concello de Fene.

SUPLENTE: María Belén Souto Calvete, axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Fene.

**SÉTIMO.-** Convocar ao tribunal á súa sesión constitutiva, que terá lugar o vindeiro xoves día 23 de xuño ás 09:00 horas na Sala de Comisións da Casa Consistorial do Concello de Fene, no que queda citado para iniciar o proceso selectivo.

**OITAVO.-** Publicar esta Resolución no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello, de acordo coa base quinta das bases reguladoras, con indicación de que fronte á mesma poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que o ditou, ou recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a xurisdición contenciosa-administrativa, contados a partir de seguinte ao da súa publicación no BOP da Coruña.

**NOVENO.-** Notificar esta Resolución ao tribunal designado.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.

0-G  
363  
150  
P-  
F:  
C.I.

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotejo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*